

PROTOCOLO COVID PARA OS PROCESOS SELECTIVOS

MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN E PROTECCIÓN

De cara a organizar axeitadamente cada proba e minimizar os riscos de exposición á COVID-19, establécense unha serie de medidas de organización e protección que se detallan a continuación:

1. Evitaranse aglomeracións tanto fora como dentro do local, realizando o acceso de forma ordenada e gardando en todo momento a distancia mínima de seguridade de metro e medio.
2. Os chamamentos para o acceso a cada aula realizaranse de acordo coa orde de actuación que se publicará na páxina web de SEAGA os días previos á realización da proba.
3. Ao finalizar o exercicio, as persoas aspirantes sairán de forma ordenada e mantendo a distancia intersocial de polo menos un metro e medio entre cada unha delas.
4. As persoas aspirantes evitarán ir acompañadas non permitíndose a presenza de acompañantes no acceso á aula, para evitar as aglomeracións inxustificadas.
5. Na espera, acceso e permanencia no interior das aulas en todo momento atenderanse instrucións do persoal. Deberase prestar atención e cumprir a información da cartelería e do persoal colaborador nas probas.
6. Cada aspirante terá previamente asignado o seu correspondente asento na aula. SEAGA gardará os planos de ubicación de cada persoa na proba durante a lo menos 1 mes.
7. As persoas aspirantes non poderán levantarse nin abandonar a aula sen a autorización expresa do persoal colaborador nas probas.
8. O número de persoas por aula, non poderá exceder do número que estableza a normativa que se adopte para a celebración de congresos, seminarios e conferencias en lugares pechados, garantíndose unha distancia de seguridade entre persoas de cando menos un metro e medio ou a distancia que en cada momento determinen as autoridades sanitarias competentes.

9. Non poderán acceder ao exame aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por haber tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
10. Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda, etc.

PAUTAS DE HIXIENE

Para o acceso ás aulas onde se realizan os exames de procesos selectivos organizados por SEAGA, as persoas asistentes deberán cumprir as seguintes pautas de hixiene, por razón de adopción de medidas de seguridade polo COVID-19:

Todas as persoas aspirantes deberán acudir co seu propio material (bolígrafos, lapis) para a realización do exercicio evitando compartilos.

Todas as persoas aspirantes deberán ter posta a súa propia máscara hixiénica ou cirúrxica, que deberá cubrir o nariz e a boca e que non se poderá retirar en ningún momento mentres dure a realización do exercicio.

Antes de acceder á aula, na súa entrada, facilitarase a todas as persoas aspirantes xel hidroalcohólico.

As persoas aspirantes se teñen síntomas durante o exercicio compatibles coa COVID-19, deberán de poñelo inmediatamente en coñecemento do persoal colaborador na proba.

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

Se algunha persoa aspirante iniciase síntomas, retirárase do resto das persoas, e adoptaranse as medidas procedentes para que abandone a sala de celebración do exame. A persoa aspirante contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia 900 400 116. E no caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 091.